REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 02.12.2016 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de decembro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

2.1 431 (10/POC-000019)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 13 máis
Sobre a información do Goberno galego respecto da posible venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas e as actuacións previstas para garantir o emprego dos traballadores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

2.2 517 (10/POC-000029)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 8, do 07.11.2016

2.3 833 (10/POC-000086)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño e as subvencións e axudas públicas concedidas para consolidar a súa actividade neste concello, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego e as súas intencións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

3.1 429 (10/PNC-000016)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como para o mantemento da

PARLAMENTO DE GALICIA

actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e Dumbría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

3.2 569 (10/PNC-000027)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes e a posible venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

3.3 646 (10/PNC-000038)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa continuación da tramitación da iniciativa lexislativa popular sobre pobreza enerxética tomada en consideración na Cámara na novena lexislatura, as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para protexer as familias que se atopen nesa situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Raquel Arias Rodríguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Francisco Casal Vidal	EM
María Nava Castro Domínguez	P
Francisco José Conde López	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.12.2016 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 431(10/POC-000019)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto da posible venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas e as actuacións previstas para garantir o emprego dos traballadores

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:47
Nº Rexistro: 431
Data envio: 24/10/2016 12:47:12.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, **Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo**, **Manuel Lago Peñas, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Recentemente vimos de coñecer novas sobre a posible venta de activos do grupo empresarial Villar Mir, entre os que se atoparían as centrais hidroeléctricas do Xallas.

As concesións das centrais hidroeléctricas están ligadas, e foron outorgadas con esa condición, á actividade das fábricas de ferroaleacións de Cee e Dumbría.

A vinculación de ditas actividades está establecida nos documentos concesionais vixentes, e está explicitada na resolución "Pola que se aproba a transferencia da titularidade das concesións relativas aos aproveitamentos hidroeléctricos do Pindo, Santa Uxía, Castrelo, Fervenza e Ponte Olveira, implantados no Río Xallas, e Carantoña, no Río Grande (A Coruña), a favor de Ferroatlántica SA e NCG SA, en réxime de cotitularidade e acórdase a súa inscrición no rexistro de Augas", dicindo así:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:47
Nº Rexistro: 431
Data envio: 24/10/2016 12:47:12.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

-Non poderán segregarse de Ferroatlántica SA as actividades de ferroaliaxes e de produción de enerxía eléctrica polas centrais ás que se refire a presente autorización.

- A perda, por parte de Ferroatlántica SA, da súa condición de titular dos aproveitamentos sinalados ante calquera acredor, mesmo pignoraticio, será causa de extinción destes nos termos establecidos nos documentos concesionais.

Este extremo está ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data de 9 de maio de 1996 e polo Tribunal Supremo con data 18 de outubro de 2001.

A utilización dun recurso natura,l como é a das augas do Río Xallas, só se explica en función do interese xeral porque está ligada ao mantemento dos postos de traballo nas fabricas de Cee e Dumbría, polo que a intención de facer negocio coas concesións á costa de deixar nunha situación moi delicada o futuro das factorías debe de ser cortado de xeito claro e contundente pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia manter unha xuntanza co Comité de Empresa de Ferroatlántica?

2.ª) Cal é a información que manexa sobre a posible venta das centrais hidroeléctricas do Río Xallas?

3.ª) Cales son as actuacións que ten pensado desenvolver para garantir a seguridade do emprego dos traballadores?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:47
Nº Rexistro: 431
Data envio: 24/10/2016 12:47:12.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/10/2016 12:40:55

Luis Villares Naveira na data 24/10/2016 12:41:10

Paula Vázquez Verao na data 24/10/2016 12:41:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/10/2016 12:41:22

Juan José Merlo Lorenzo na data 24/10/2016 12:41:30

Carmen Santos Queiruga na data 24/10/2016 12:41:33

Eva Solla Fernández na data 24/10/2016 12:41:36

Luca Chao Pérez na data 24/10/2016 12:41:39

Paula Quinteiro Araújo na data 24/10/2016 12:41:42

Magdalena Barahona Martín na data 24/10/2016 12:41:45

José Manuel Lago Peñas na data 24/10/2016 12:41:49

Francisco Casal Vidal na data 24/10/2016 12:41:52

David Rodríguez Estévez na data 24/10/2016 12:41:55

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2016 12:41:58

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 517(10/POC-000029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción

Publicación da iniciativa, 8, 07.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 13:01
Nº Rexistro: 517
Data envio: 28/10/2016 13:01:56.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso pais.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción, sen poñer condicións contundentes e eficaces para parar que se destrúan máis postos de traballo e se evite a deslocalización da actividade produtiva.

Diante disto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 13:01
Nº Rexistro: 517
Data envio: 28/10/2016 13:01:56.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que axudas e subvencións recibiron por parte da Xunta de Galiza as seguintes empresas do sector da automoción que se listan a continuación:

ALUDEC S.A.

ALYMOSA

BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.

BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.

CABLERIAS AUTO S.L.

CENTRO TECNOLOGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA - FUNDACION CETAG

CENTRO TECNOLOGICO GRUPO COPO S.L.

COMPONENTES DE VEHICULOS

COPO GALICIA SLU

COPO IBERICA S.A.

DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.

FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.

FAURECIA ATUOMOTIVE ESPAÑA S.A.

FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.

FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 13:01
Nº Rexistro: 517
Data envio: 28/10/2016 13:01:56.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

GESTAMP VIGO S.A.

GKN DRIVELINE VIGO S.A.

GRUPO ANTOLIN PGA S.A.

GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.

MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.

MC SYNCRO

MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.

MGI COUTIER ESPAÑA S.L.

PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.

PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.

PSA PEUGEOT CITROEN

REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.

SNOP ESTAMPACION S.A.

TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)

TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.

TREVES GALIZA, SLU

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 13:01
Nº Rexistro: 517
Data envio: 28/10/2016 13:01:56.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

VIZA AUTOMOCION SAU

ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS (OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/10/2016 13:00:56

Ana Pontón Mondelo na data 28/10/2016 13:01:01

María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2016 13:01:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2016 13:01
Nº Rexistro: 517
Data envio: 28/10/2016 13:01:56.649

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/10/2016 13:01:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/10/2016 13:01:16

Xosé Luis Bará Torres na data 28/10/2016 13:01:22

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 833(10/POC-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Frigolouro de buscar no norte de Portugal un novo asentamento para a súa planta do Porriño e as subvencións e axudas públicas concedidas para consolidar a súa actividade neste concello, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego e as súas intencións ao respecto

Publicación da iniciativa, 16, 17.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 833
Data envio: 07/11/2016 14:04:52.262

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e **José Manuel Pérez Seco**, deputados pertecentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O día 2 de novembro a empresa *Frigolouro*, sita no concello de O Porriño, vén de emitir un comunicado, no que sinala a decisión adoptada pola empresa de buscar unha nova situación para a súa planta no Norte de Portugal. Esta nota supón unha forte inquedanza para o cadro de persoal de *Frigolouro* e para todo o tecido social e económico do Porriño e do conxunto da Área Metropolitana de Vigo.

Os socialistas galegos, mais alá da rectificación posterior dirixida ao cadro de persoal por parte da Xerencia da planta, entendemos urxente e estratéxico despexar calquera incerteza sobre a continuidade da actividade nunha instalación industrial que xera en torno aos 600 empregos de forma directa. É imprescindible que a Xunta coopere cos propietarios, cos axentes económicos e sociais, sindicatos e co concello de O Porriño para asegurar que os proxectos industriais e de inversión do Grupo Coren sigan tendo na comarca de Porriño unha referencia estable e estratéxica a longo prazo.

Na busca de solucións a este problema industrial, que se suma aos outros moitos que afectan a empresas e sectores concretos por toda Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia apoia a constitución dunha Mesa de Traballo conxunta entre as administracións autonómica, local e os sindicatos de clase que asegure o mantemento da actividade e o emprego no longo prazo, sempre respectando os dereitos dos traballadores na planta de O Porriño.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Era coñecedora a Xunta de Galicia das intencións da empresa *Frigolouro* de buscar unha nova situación para a súa planta de O Porriño no Norte de Portugal?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 833
Data envio: 07/11/2016 14:04:52.262

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Ten recibido a empresa Frigolouro subvencións e axudas públicas para desenvolver e consolidar a súa actividade na planta de O Porriño?

3. Ten establecido a Xunta de Galicia algún mecanismo de actuación ou negociación fronte a unha decisión empresarial que podería afectar gravemente o emprego no Porriño e na Área Metropolitana de Vigo?

4. Está disposta a Xunta de Galicia a participar na constitución urxente dunha Mesa de Traballo conxunta coa empresa, os sindicatos e o concello de O Porriño na que se aborde e se despexe o futuro da planta que o Grupo Coren ten en Porriño?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/11/2016 14:03:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/11/2016 14:04:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.12.2016 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 429(10/PNC-000016)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 12 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como para o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e Dumbría

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:46
Nº Rexistro: 429
Data envio: 24/10/2016 12:46:30.219

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira,** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández**, **Manuel Lago Peñas, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente vimos de coñecer novas sobre a posible venta de activos do grupo empresarial Villar Mir, entre os que se atoparían as centrais hidroeléctricas do Xallas.

As concesións das centrais hidroeléctricas están ligadas, e foron outorgadas con esa condición, á actividade das fábricas de ferroaleacións de Cee e Dumbría.

A vinculación de ditas actividades está establecida nos documentos concesionais vixentes, e está explicitada na resolución "Pola que se aproba a transferencia da titularidade das concesións relativas aos aproveitamentos hidroeléctricos do Pindo, Santa Uxía, Castrelo, Fervenza e Ponte Olveira, implantados no Río Xallas, e Carantoña, no Río Grande (A Coruña), a favor de Ferroatlántica SA e NCG SA, en réxime de cotitularidade e acórdase a súa inscrición no rexistro de Augas", dicindo así:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:46
Nº Rexistro: 429
Data envio: 24/10/2016 12:46:30.219

GRUPO PARLAMENTAR en marea

-Non poderán segregarse de Ferroatlántica SA as actividades de ferroaliaxes e de produción de enerxía eléctrica polas centrais ás que se refire a presente autorización.

- A perda, por parte de Ferroatlántica SA, da súa condición de titular dos aproveitamentos sinalados ante calquera acredor, mesmo pignoraticio, será causa de extinción destes nos termos establecidos nos documentos concesionais.

Este extremo está ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data de 9 de maio de 1996 e polo Tribunal Supremo con data 18 de outubro de 2001.

A utilización dun recurso natura,l como é a das augas do Río Xallas, só se explica en función do interese xeral porque está ligada ao mantemento dos postos de traballo nas fabricas de Cee e Dumbría, polo que a intención de facer negocio coas concesións á costa de deixar nunha situación moi delicada o futuro das factorías debe de ser cortado de xeito claro e contundente pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica.

2) Esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee e Dumbría.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2016 12:46
Nº Rexistro: 429
Data envio: 24/10/2016 12:46:30.219

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/10/2016 12:42:31

Antón Sánchez García na data 24/10/2016 12:42:43

Carmen Santos Queiruga na data 24/10/2016 12:42:52

Eva Solla Fernández na data 24/10/2016 12:43:00

Paula Vázquez Verao na data 24/10/2016 12:43:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/10/2016 12:43:16

Juan José Merlo Lorenzo na data 24/10/2016 12:43:25

Luca Chao Pérez na data 24/10/2016 12:43:27

Paula Quinteiro Araújo na data 24/10/2016 12:43:30

Magdalena Barahona Martín na data 24/10/2016 12:43:34

José Manuel Lago Peñas na data 24/10/2016 12:43:36

Francisco Casal Vidal na data 24/10/2016 12:43:40

David Rodríguez Estévez na data 24/10/2016 12:43:44

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2016 12:43:47

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

3.2 569(10/PNC-000027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes e a posible venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:06
Nº Rexistro: 569
Data envio: 02/11/2016 12:06:33.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e **Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao mantemento dos postos de traballo e actividades produtivas e dos postos de traballo evitando a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

A principios do mes de outubro fixéronse públicas as novas relativas á existencia contactos empresariais para a venta das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica. O cambio da titularidade das hidroeléctricas podería supoñer o primeiro paso para a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

Estas novas están a producir grande preocupación entre o cadro de traballadores e traballadoras. Segundo o Comité de Empresa de Ferroatlántica Cee-Dumbría Centrais Hidroeléctricas, máis de 250 persoas participaron o 21 de outubro na concentración convocada diante da fábrica de Brens (Cee) para solicitar información clara sobre os plans para as centrais por parte da empresa e, tamén, para demandar un posicionamento por parte da Xunta de Galiza. Previamente a esta manifestación, na reunión do Comité coas centrais sindicais, acordaron trasladar de novo a Alberto Núñez Feijoo a petición de reunión remitida o día 10 de outubro, de cara a ser recibidos con urxencia, en concreto antes do 27, xa que nesta data hai convocada unha reunión en Madrid coa empresa. O comité esixe ao presidente da Xunta a ratificación dos compromisos e o respecto á legalidade vixente, concretando a imposibilidade de segregar as actividades.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:06
Nº Rexistro: 569
Data envio: 02/11/2016 12:06:33.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación, resulta incomprensíbel a pasividade que está a manter a Xunta ante as informacións que avanzan unha posible especulación con operacións de compra-venda das concesións que mesmo podería ser un paso previo á segregación de Ferroatlántica poñendo en xogo o futuro de máis de 300 empregos directos e preciso actuar con decisión.

Desde o BNG compartimos a preocupación dos e das traballadoras, xa que está en risco a viabilidade e futuro do emprego. Cómpre recordar que dende o punto de vista legal a segregación das minicentrais da actividade industrial de Ferroatlántica non é posíbel, son unha unidade indivisíbel e ademais non é admisíbel que se estea a especular con concesións públicas de recursos naturais que son de todas e todos.

O Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación, -como por outro lado ditaminou tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)-, entre actividade industrial e explotación eléctrica. Do mesmo xeito, o pasado 30 de Marzo a Deputación da Coruña aprobou unha declaración institucional sobre Ferroatlántica, cun contido que consideramos necesario que ratifique e asuma o Parlamento de Galiza, que debe ademais, ir máis alá.

Polo dito, formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:06
Nº Rexistro: 569
Data envio: 02/11/2016 12:06:33.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación do sistema eléctrico.

Esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee.

Demandar da empresa un plano industrial para as fábricas de *Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas* sobre a base da non segregración das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaliaxes e dun plano de inversións derivados da explotación hidráulica dos nosos ríos.

Solicitar do grupo Ferrotlántica e o grupo Ferroglobe que todas as inversións e todos os postos de traballo que se poidan derivar da fabricación en todas as súas fases de silicio solar (indución, obleas e placas) teñen lugar en Galiza, atendendo ás concesións que actualmente ten outorgado este grupo empresarial sobre nosos recursos minerais.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 12:06
Nº Rexistro: 569
Data envio: 02/11/2016 12:06:33.097

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 11:21:21

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 11:21:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 11:21:31

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 11:21:37

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 11:21:40

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 11:21:44

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 02.12.2016 Hora: 10:30
Orde do día

3.3 646(10/PNC-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa continuación da tramitación da iniciativa lexislativa popular sobre pobreza enerxética tomada en consideración na Cámara na novena lexislatura, as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para protexer as familias que se atopen nesa situación

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 646
Data envio: 03/11/2016 16:17:05.254

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A desigual e débil saída da crise, ten efectos na maior parte das condicións de vida de grupos importantes de cidadáns e cidadá, sexa a alimentación, a vivenda, o transporte ou a enerxía.

No caso da enerxía os comportamentos dos prezos son especialmente preocupantes, sobre todo nun contexto de estancamento do IPC ou mesmo de deflación. Así o recibo da luz encadea xa seis meses a alza e todas as análises apunta a novas subidas. Dende abril, ten subido máis dun 20 %. Ademais o Tribunal Supremo anulou o réxime de financiamento do bono social da luz e obriga ao Goberno a asumir o desconto ás familias con menor renda.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou vén obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socio - económicos son en torno as 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, máis do 10 % da poboación, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos riscos que

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 646
Data envio: 03/11/2016 16:17:05.254

iso comporta especialmente para as persoas con factores de risco máis alto, como nenos e nenas, anciáns e anciás ou persoas enfermas.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer ás persoas consumidoras máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado, na nosa opinión, tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen ás persoas consumidoras máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar sen calefacción, a lexislación española do último Goberno do Sr. Rajoy limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Cremos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais inste ao Goberno de España a aprobar unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Estimamos preciso que se considere e se lexisle para que a subministración de enerxía sexa un dereito social básico, que os consumidores vulnerables accedan a unha tarifa social en función dos seus ingresos e non do mercado, e o máis importante, que non haxa cortes de subministración no inverno para aquelas persoas que se atopen en situación de pobreza enerxética, financiando a diferenza entre a tarifa social e o consumo real a través dos orzamentos xerais do Estado.

Entendemos que é preciso abordar a pobreza enerxética dentro dun contexto de ampliación de medidas estruturais, como son a mellora da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 646
Data envio: 03/11/2016 16:17:05.254

eficiencia enerxética das vivendas vinculadas ás familias con máis dificultades, así como o apoio público á rehabilitación das vivendas que ocupan, coa finalidade de conseguir unha maior optimización dos recursos enerxéticos.

Ante todo cremos que o Goberno galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema. Agora, antes do comezo dun novo inverno, a situación e aínda máis urxente, si cabe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego acorda a que se continúe coa máxima dilixencia posible a tramitación da Iniciativa Lexislativa Popular sobre pobreza enerxética, cuxa toma en consideración foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia na anterior lexislatura.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Habilitar unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

   a.1) Esta liña de axudas desenvolverase no ámbito das políticas de benestar social, mais alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema.

b) Negociar un protocolo de actuación, en colaboración coa FEGAMP, coas empresas concesionarias do subministro de auga, que impida

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 646
Data envio: 03/11/2016 16:17:05.254

que se poda suspender o servizo de abastecemento de auga a unha familia por razóns económicas, cando os recursos familiares non permitan cubrir o seu pago.

c) Demandar ao Goberno de España a que de forma inmediata presente no Congreso dos Deputados para o seu debate e aprobación un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/11/2016 16:16:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/11/2016 16:16:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/11/2016 16:16:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es